

ARTES ESCÉNICAS

OPCIÓN A

1. O teatro clásico grecolatino. Características e autores principais. (4 puntos)

1. *El teatro clásico grecolatino. Características y autores principales. (4 puntos)*

2. Situar a obra no seu contexto histórico e literario e, despois, explicar os procesos necesarios para o deseño da posta en escena do texto que se achega, detallando as particularidades das distintas fases que permiten materializar o espectáculo. (6 puntos)

2. *Situar la obra en su contexto histórico y literario y, después, explicar los procesos necesarios para el diseño de la puesta en escena del texto que se adjunta, detallando las particularidades de las distintas fases que permiten materializar el espectáculo. (6 puntos)*

9

GUZMÁN *pousa as bolsas no chan e diríxese ao público.*

GUZMÁN: Non sei que quere que lles conte. En realidade eu a Rosa non a coñezo gran cousa. Quero dicir, coñezoa, si, desde pequeno, que eu vivía aquí, pero... daquela maneira. Eu a quen trataba, máis que nada, era a Delio. Era simpático. Coas súas rarezas, si, pero quen non as ten? Coleccionaba palabras. Suponse que alguén así debería ser máis dado ao diálogo... Pero mira... Polo que se ve non hai regras. E despois estaba a filla. A nena. Chamabámoslle así. Moitas fantas teño tomado grazas a ela. De pequeno. Delio levábanos con el de tazas. Veña, Nito, colle o ferrari. O ferrari era o carriño da nena. Non sabía andar. Ou non podía. Ou non quería, non sei. E bar por bar, a eito, fanta para ela, fanta para min. Eu non sei se a fanta non lle daría *subidón* porque aquela nena rompía a falar e... Se a aquilo se lle podía chamar falar, aos pinchos de tema en tema, enganando as palabras polas rimas, si, si, polas rimas... ou polo que fose. Iso seguro que lle viña do pai. Ti dicíaslle, que sei eu, ola, e ela disparaba: pistola, e nunca mellor dito, ou farola, bola, escarola, cocacola... E de aí a gas, e de gas a laranxa, polo butano, supoño, e de laranxa a fanta, e outra vez á cocacola e comezaba de novo: caracola, pianola, cabriola... e pirola, claro, unha desas nunca faltaba. E ría, ría... E todos no bar rían con ela. Menos mal que non estaba a nai, porque non creo que lle gustase que... Nunca estaba. E se estaba era como se non estivese. Calada, discreta. Que conste que non parecía infeliz. En fin, non parecía... A verdade é que nunca me parei a pensar o que Rosa parecía ou deixaba de parecer. Era como... transparente. E mira que é unha muller grande. *Bueno*, ao principio non era así, eh. Para nada. É curioso, consonte foi collendo peso máis invisible se foi facendo. Ou ao contrario, non sei. Até que morreu a nena. Aí algo debeu pasar... Pero eu xa non vivía aquí. Cando volví, hai ano e medio, veu falar comigo, para pedirme un favor. *Bueno*, un favor non, máis ben... un traballo. Eu era presidente da comunidade daquela. Aí vira, non sei, como cambiada. Díxome que non comentase nada na reunión, que aínda non o falara con Delio e... Nin sei que falarían finalmente porque de aí a uns días..."

Framento de *A piragua*, de Cándido Pazó.

ARTES ESCÉNICAS

OPCIÓN B

1. O circo como espectáculo escénico. Características principais. (4 puntos)

1. El circo como espectáculo escénico. Características principales. (4 puntos)

2. Situar a obra no seu contexto histórico e literario e, despois, explicar os procesos necesarios para o deseño da posta en escena do texto que se achega, detallando as particularidades das distintas fases que permiten materializar o espectáculo. (6 puntos)

2. Situar la obra en su contexto histórico y literario y, después, explicar los procesos necesarios para el diseño de la puesta en escena del texto que se adjunta, detallando las particularidades de las distintas fases que permiten materializar el espectáculo. (6 puntos)

ACTO III. ESCENA 3

Entran Sebastián e Antonio.

SEBASTIÁN: Non quería molestarte pero, xa que as molestias che dan pracer, non te reprendo máis.

ANTONIO: Non podía abandonarte. O desexo, máis punzante que aceiro afiado, aguilloábame. Non só o desexo de te ver (suficiente xa para impulsarme a tan longa travesía) senón a inquietude polo que podía ocorrerche na viaxe, descoñecendo estas terras que, para un forasteiro sen guía nin amigos, a miúdo resultan duras e inhóspitas. O meu fondo afecto, empurrado por eses temores, levoume a seguirte.

SEBASTIÁN: Meu querido Antonio, só che podo responder dádoche as gracias, gracias, moitas gracias. Moitas veces páganse os servicios con esta moeda sen valor, mais se a miña fortuna fose tan grande como o meu agradecemento, mellor recompensa terías. ¿Que facemos? ¿Vemos os monumentos da cidade?

ANTONIO: Mañá. Mellor será atoparche aloxamento primeiro.

SEBASTIÁN: Non estou canso e falta moito para a noite. Prégocho, demos gusto ós ollos cos monumentos e cousas notables que dan sona a esta cidade.

ANTONIO: Perdóame, pero non podo camiñar sen perigo por estas rúas. Nunha ocasión, nun combate naval contra as galeras do duque, prestei servicio tan sinalado que se me apresan faríanmo pagar.

SEBASTIÁN: Supoño que mataches moitos dos seus homes.

ANTONIO: A ofensa non é tan cruenta, aínda que as circunstancias e a loita ben puideron levamos a unha masacre. Podería arranxarse todo devolvendo canto lles quitamos, o que polo ben do comercio aceptou a maioría dos meus concidadáns. Eu negueime e por iso, se me collen aquí, había pagalo caro.

SEBASTIÁN: Entón non te deixes ver moito.

ANTONIO: Non me convén. Agarda, toma a miña bolsa. A mellor pousada é “O Elefante”, no arrabalde do sur. Encargarei as comidas mentres ti matas o tempo e nutres o espírito vendo a cidade. Alí estarei.

SEBASTIÁN: ¿Por que me das a túa bolsa?

ANTONIO: Quizais teñas o antollo dalgunha lilaina que vexas. Os teus recursos non creo que che dean para caprichos.

SEBASTIÁN: Serei o teu tesoureiro. Vémonos dentro dunha hora.

ANTONIO: No “Elefante”.

SEBASTIÁN: Non me esquezo.

Saen

Fragmento de *Noite de Reis*, de William Shakespeare.

**SETEMBRO 2017
ARTES ESCÉNICAS**

OPCIÓN A

1. O teatro romano. Características e autores principais. (4 puntos)

1. El teatro romano. Características y autores principales. (4 puntos)

2. Situar a obra no seu contexto histórico e literario e, despois, explicar os procesos necesarios para o deseño da posta en escena do texto que se adxunta, detallando as particularidades das distintas fases que permiten materializar o espectáculo. (6 puntos)

2. Situar la obra en su contexto histórico y literario y, después, explicar los procesos necesarios para el diseño de la puesta en escena del texto que se adjunta, detallando las particularidades de las distintas fases que permiten materializar el espectáculo. (6 puntos)

15

Despois de moito camiñar, nunha entretida conversa, chegan BRANDÁN e DELIO, que aínda trae o paraguas aberto.

DELIO: Home, o horario é rariño, pero mira, tampouco fas nada.

BRANDÁN: Xa

DELIO: (*Cerrando o paraugas*). Que che dixen? Nin unha pinga. Que conste que eu tiña outros proxectos profesionais, pero... a vida levoume por onde me levou e... ela é a que manda.

BRANDÁN: E non te aburres?

DELIO: Aburrirme? Non hai cousa mellor que un traballo aburrido. Este último posto no que me destinaron é unha marabilla. Métome unhas panchadas de ler que... (*Respondendo a unha ollada de BRANDÁN.*) Por que me miras así? Pensas que só ledes os do *teatrillo* ou que?

BRANDÁN: Non, se nós precisamente moito non lemos...

DELIO: Pois eu si. Todo o que me cae nas mans: folletos de propaganda, revistas, prospectos, catálogos, almanaques... e libros tamén, eh. Especialmente o pai de todos eles...

BRANDÁN: A Biblia?

DELIO: Dixen o pai, non a nai. O dicionario. Ábroo por onde cadre, e a eito, en orde alfabética: palabra por palabra, palabra por palabra...

BRANDÁN: Cada un coas súas *cadaunadas*.

DELIO: O qué?

BRANDÁN: Nada, nada

DELIO: (*Reparando en que o chan está acabado de fregar.*) Vaia, parece que Nito xa arranxou señora da limpeza. Por certo, se non é moito preguntar, canto vos cobra de aluguer polo...?

BRANDÁN: Polo que?

DELIO: Polo local?

BRANDÁN: Nada

DELIO: Que? Pero se a ese local pode sacarlle un pastón! Que non digo que vos cobre a prezo de mercado, a ver se me entendes. Estando coa cativa, claro. Pero ao mesmo tempo...

BRANDÁN: Pois...

DELIO: Boh, non sei de que me estraño, alguén que ten unha piragua nunha praza de garaxe...

BRANDÁN: Unha piragua?

DELIO: Como cho digo! En fin, voume, que xa debo ter a ce ana mesa. (*Cantaruxa.*) “Rosiña, Rosiña, Rosa, non regues máis a roseira...” (*Vaise.*)

BRANDÁN: (*Cantaruxa tamén.*) “...que esta noite vai chévere...” (*Para si.*) Como segue?

Framento de *A piragua*, de Cándido Pazó.

SETEMBRO 2017
ARTES ESCÉNICAS

OPCIÓN B

1. As teorías da interpretación. Características principais de cada unha. (4 puntos)
1. Las teorías de la interpretación. Características principales de cada una. (4 puntos)
2. Situar a obra no seu contexto histórico e literario e, despois, explicar os procesos necesarios para o deseño da posta en escena do texto que se adxunta, detallando as particularidades das distintas fases que permiten materializar o espectáculo. (6 puntos)
2. Situar la obra en su contexto histórico y literario y, después, explicar los procesos necesarios para el diseño de la puesta en escena del texto que se adjunta, detallando las particularidades de las distintas fases que permiten materializar el espectáculo. (6 puntos)

ACTO III. ESCENA 2

Entran don Tobías, don Andrés e Fabián.

DON ANDRÉS: Non, abofé que non. Non quedo aquí unha miga máis.

DON TOBIÁS: ¿Por qué razón, meu querido furibundo?

FABIÁN: Tendes que nos dar unha razón, don Andrés.

DON ANDRÉS: ¡Rediola! Vin a vosa sobriña tratar o criado do duque con máis amabilidade da que nunca me concedeu a min. Vino no xardín.

DON TOBIÁS: Dime, compañeiro, ¿sabía que estabas alí?

DON ANDRÉS: Tan ben como vos vexo a vós agora.

FABIÁN: Iso é proba evidente de que vos ama.

DON ANDRÉS: ¡Un corno! ¿Seica me tomas por parvo?

FABIÁN: Demostrarévolvo lóxicamente, señor, co xuízo e a razón por testemunas.

DON TOBIÁS: Que son xuíces desde moito antes de que Noé fose mariñeiro.

FABIÁN: Mostrou amabilidade con ese paxe diante de vós para exasperarvos, para esperar o voso valor dormido, para vos poñer lume no corazón e cofre no fígado. Nese momento tiñades que abordala e deixar mudo a ese mozo con enxenosas ocorrencias recién saídas da forxa. Era o que se esperaba de vós e non fixestedes. Perdestes unha redobrada oportunidade de ouro e agora navegades cara a xélicas latitudes na estima da señora, onde quedaredes pendurado como un carambo na barba dun explorador holandés se non vos redimides cun feito loable, sexa valente ou político.

DON ANDRÉS: Se ten que ser así, será de valentía porque odio a política. Teño tanto de beato como de político.

DON TOBIÁS: Daquela edificame a túa fortuna sobre os alicerces da valentía. Rétame ó paxe do duque a un duelo e fíreno en once sitios. Miña sobriña ha sabelo. Ten en conta que non hai no mundo mellor casamenteiro para gabar un home ante unha muller que a sona de Valente.

FABIÁN: Non hai outro camiño, don Andrés.

DON TOBIÁS: Veña, escríbeo con letra marcial. Se breve e cortante. Non se trata de ser enxenosos, pero si elocuente e imaginativo. Aldráxao con toda a liberdade que permite a pluma. Se o atuteas repetidas veces, mellor que mellor. Pon todas as mentiras que collen na folla, aínda que sexa tan grande como sabas dunha cama descomunal. Veña, mans á obra. Pon moita bile na tinta, aínda que escribas con pluma de ganso, que tanto ten. ¡Ale, a traballar!

DON ANDRÉS: ¿Onde os vexo?

DON TOBIÁS: Iremos buscarte nós ó teu cubículo. ¡Veña!

Sae don Andrés.

FABIÁN: ¡O voso caro boneco, don Tobías!

DON TOBIÁS: Caro eu para el: uns dous mil ducados leva gastados, máis ou menos.

FABIÁN: Vai ser unha carta deliciosa. Pero, ¿pensades mandala?

DON TOBIÁS: Por descontado que si. E incitarei a ese mozo para que responda. Creo que nin arrastrándoos con cordas e bois lograremos xuntalos. En canto a don Andrés, se o abren e atopan sangue no fígado suficiente para afogar unha pulga, cómome o resto do corpo.

FABIÁN: E o seu adversario, ese mozo, non mostra na cara indicios de moita fereza. (*Entra María*) Mirade, velaquí está a nosa andoriña.

MARÍA: Se vos queredes esmendrellar coa risa, vinde comigo. O prosma de Malvolio volveuse un auténtico pagán, un renegado, pois non hai cristián que desexando salvarse pola fe verdadeira poida crer cousas tan absurdas e imposibles. ¡Aínda con medias marelas!

DON TOBIÁS: ¿E con ligas cruzadas?

MARÍA: ¡Do máis espantoso! Como un deses mestres que dan escola nunha igrexa. Seguino como se quixese asasinalo. Obedece todos os puntos da carta que lle deixei para cazalo. De tanto rir, ten máis liñas na cara que o novo mapamundi coas Indias aumentadas. Nunca se viu nada igual. Cóstame traballo non tirarlle cousas á cabeza. Seguro que se a miña señora lle pega, sorrirá e pensará que é unha mostra de amor.

DON TOBIÁS: Veña, lévanos onde el.

Saen.

ABAU
CONVOCATORIA DE XUÑO
Ano 2017
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
ARTES ESCÉNICAS
(Cód. 51)

Valorarase situar correctamente a obra obxecto de análise no seu contexto histórico e literario e o dominio das artes escénicas, tanto no aspecto teórico como no deseño da posta en escena do fragmento de texto que se facilita no exame. Neste apartado terase en conta o coñecemento das particularidades das distintas fases necesarias para a montaxe dunha obra. É importante que o/a alumno/a saiba identificar, describir e analizar con rigor os diferentes elementos que integran o proceso necesario para a materialización dun espectáculo. Ademais terase en conta a capacidade de argumentación, a coherencia discursiva do relato e a creatividade nas formulacións que se fagan á hora de trasladar o texto á escena.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2017.
Asdo.: Xosé Soengas Pérez
Director do Grupo de Traballo

ABAU
CONVOCATORIA DE XUÑO
ANO 2017
CRITERIOS AVALIACIÓN

Artes Escénicas (Código: 51)

Valorarase situar correctamente a obra obxecto de análise no seu contexto histórico e literario e o dominio das artes escénicas, tanto no aspecto teórico como no deseño da posta en escena do fragmento de texto que se facilita no exame. Neste apartado terase en conta o coñecemento das particularidades das distintas fases necesarias para a montaxe dunha obra. É importante que o alumno saiba identificar, describir e analizar con rigor os diferentes elementos que integran o proceso necesario para a materialización dun espectáculo. Ademais terase en conta a capacidade de argumentación, a coherencia discursiva do relato e a creatividade na formulación que se fagan á hora de trasladar o texto á escena.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2017.
Asdo.: Xosé Soengas Pérez
Director do Grupo de Traballo